



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI

### **BASES DE CONCURSO DE DECORACIÓN DE NADAL DE FACHADAS E XARDÍNS DE OUTEIRO DE REI 2022.**

#### **BASES:**

##### **PRIMERA:**

Dentro das actividades de Nadal e co obxectivo de ambientar as rúas e pobos do municipio, dende o Concello de Outeiro de Rei convócase o “1º Concurso de Decoración de Nadal de fachadas e xardíns de Outeiro de Rei 2022”.

Premiando a decoración que proporcione un mellor ambiente festivo.

##### **SEGUNDA:**

A temática a desenvolver na decoración será exclusivamente relativa ás Festas de Nadal. Os e as participantes terán plena liberdade en canto á técnica e estilo de decoración das súas fachadas e xardíns, sempre que a decoración e iluminación non supoña un perigo para os veciños ou viandantes.

##### **TERCEIRA:**

A decoración deberá estar instalada e funcionando antes do **20 de decembro**.

No caso de producirse algún dano do material que forma parte da decoración e iluminación durante o período de exposición que rematará o **6 de xaneiro**, este será substituído ou retirado, sendo responsabilidade do particular que realizou a montaxe da decoración.

##### **CUARTA:**

Poderán participar no concurso todos o veciños e as veciñas censadas no Concello de Outeiro de Rei. Cada unidade de convivencia poderá presentar unha única fotografía coa decoración de Nadal do xardín, fachada, balcón ou fiestras da súa vivenda.

##### **QUINTA:**

A inscrición será gratuíta. Tendo os participantes que enviar unha foto actual da decoración da fachada e/ou xardín ao correo electrónico [xuventude@concellodeouteiroderei.org](mailto:xuventude@concellodeouteiroderei.org). A foto ten que ser actual, orixinal, inédita e non pode conter persoas. A fotografía non levará marcas de auga.

Neste mesmo correo deben incluír o **Anexo I** cos datos persoais e de localización da vivenda.

O prazo de envío será ata o día **20 de decembro de 2022**.

##### **SEXTA:**

Os premios serán tres diplomas e as seguintes dotacións económica:

1º Premio: 150€

2º Premio: 100€

3ª Premio: 50€

##### **SEPTIMA:**

O xurado estará composto pola concelleira de cultura dona Begoña Seco Varela e dous vogais do Concello.

O fallo do xurado farase público na páxina web do Concello, antes do 6 de xaneiro.

Os ou as participantes que resulten gañadores/ras autorizan ao Concello de Outeiro de Rei para poder publicar a fotografía da fachada e/ou xardín na páxina web e na prensa unha vez que se coñeza o veredicto do xurado.

**OITAVA:**

A participación no concurso supón a aceptación de todas e cada unha das presentes bases, para o non establecido nas bases aceptárase o disposto pola Concellería de Cultura.

**NOVENA:**

De acordo co establecido no Regulamento UE2016/679 de Protección de Datos Personais, informámoslle que o responsable do tratamento dos seus datos persoais é o Concello de Outeiro de Rei con enderezo en Praza da Vila, S/N, CP 27150, Outeiro de Rei (Lugo). Os seus datos persoais serán empregados para a correcta xestión do 1º Concurso de decoración de Nadal de fachadas e xardíns de Outeiro de Rei 2022 organizado polo Concello.

Os seus datos persoais non se cederán, salvo que exista unha obriga legal para elo.

Vostede ten dereito a acceder, rectificar ou suprimir os seus datos, así como outros dereitos pódense exercer ante o Alcalde do Concello de Outeiro de Rei.